

A VILA DO MAÑÁ,
EN TEMPOS DE PANDEMIA,
ARZÚA NA NOVA NORMALIDADE
Sandra González Álvarez

A VILA DO MAÑÁ, EN TEMPOS DE PANDEMIA, ARZÚA NA NOVA NORMALIDADE

Sandra González Álvarez

lepatrizal



POST
arquitectos



Concello
de Arzúa



Deputación
DA CORUÑA

Autor: GONZÁLEZ ÁLVAREZ, Sandra.
Introdución: COUTO RODRÍGUEZ, Xurxo.
Prólogo: PAZ AGRAS, Luz.
Nota introductoria: GARCÍA LÓPEZ, José Luis.

Equipo de traballo: PØST arquitectos.
A Coruña, 2020.

A VILA DO MAÑÁ, en tempos de Pandemia, ARZÚA na nova Normalidade

ISBN: 978-84-09-23598-8
Depósito Legal: C 1142-2020
IBIC: AMVD-1DSE-AFKN-YQA-YQNP
ISSN: 2530-9226 (A Vila do Mañá/La Ciudad del Mañana)

Nº de páxinas: 126
21x21cm
Índice: pp. 4-5

Edición: PØST arquitectos.
Editor: Sandra González Álvarez.
Deseño: Sandra González Álvarez (PØST arquitectos).
Maquetación: PØST arquitectos.
Deseño de cuberta: Daniel Carvajal Alonso e Sandra González Álvarez.
Fotografías: PØST arquitectos.
Ilustracións: Álvaro Marcos Rodríguez.
Debuxos de cuberta: Álvaro Marcos Rodríguez.
Distribución: PØST arquitectos, Juan Flórez 129, 8D, 15005 A Coruña (A Coruña).

© PØST arquitectos, 2020
Juan Flórez 129, 8D
15005 A Coruña
© Sandra González Álvarez
www.aviladomaña.com

A EDICIÓN DESTA PUBLICACIÓN FOI PATROCINADA POLA DEPUTACIÓN DE A CORUÑA (FO300/2019) CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIONS DESTINADO A ENTIDADES LUCRATIVAS PARA A PRODUCCIÓN DE PROXECTOS SINGULARES DE ESPECIAL INTERESE CULTURAL NA PROVINCIA DA CORUÑA.

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación sen o permiso previo e por escrito das persoas titulares do Copyright.

ÍNDICE

UN PROXECTO DE FUTURO PARA A NOVA NORMALIDADE Xurxo Couto Rodríguez	7
O QUID DA CUESTIÓN: <i>A VILA DO MAÑÁ</i> Luz Luz Paz Agras	11
ARZÚA, CAMIÑANDO CARA A VILA DO MAÑÁ José Luis García López	15
1 DESCUBRINDO “A VILA DO MAÑÁ”	19
2 “A VILA DO MAÑÁ” EN TEMPOS DE PANDEMIA	23
3 COÑECENDO ARZÚA	32
4 A VILA DO MAÑÁ NA NOVA NORMALIDADE, ARZÚA	63
5 PARAR, PENSAR E REFACER	115

UN PROXECTO DE FUTURO PARA A NOVA NORMALIDADE

Cando, no inicio deste proxecto, escoitabamos a súa directora, Sandra González, falar con paixón da adaptación dos espazos urbanos ás persoas, de novas vivencias arredor da arquitectura ou de experiencias que muden a percepción dos lugares en que vivimos, pensabamos que a iniciativa tiña un alcance educativo e social singular, merecedor de apoio e, aínda máis, de difusión para que os seus efectos prendesen máis alá dos propios concellos nos que se desenvolvía.

Mais, dun momento a outro, a situación mudou e unha pandemia que ninguén tiña entón na cabeza, fixo que todo mudara, e de buscar espazos de encontro e socialización, de defender a liberdade de nenos e nenas para correr e xogar en prazas e rúas... pasamos a vivir unha situación en que se impuxeron con forza os conceptos de distancia social e confinamento. En principio, nada máis lonxe daquilo para o que “A Vila do Mañá” naceu.

Este acontecemento, radical e histórico, non fixo, sen embargo, que a engranaxe posta en marcha por “A Vila do Mañá” parase. Ben ao contrario, mudou de rumbo e adaptouse ás novas circunstancias e, se cadra, virouse aínda máis útil e necesario.

O programa adaptouse á aparición do coronavirus nas nosas vidas e á necesidade de modificar os espazos urbanos á medida das persoas, agora si, contando coa distancia imposta polos protocolos sanitarios cos que estamos aínda aprendendo a convivir.

Construír un futuro mellor no territorio é o fin último da iniciativa que agora ese non é un fin senón un desexo aínda máis forte. Estamos diante dun proxecto que quere contribuír a cambiar as vilas e as cidades para ser vividas polas nenas e os nenos e a veciñanza en xeral, recuperar o lugar onde vivimos para as nosas crianzas cun programa para as persoas, transversal, para que o espazo urbano deixe ser hostil para humanizarse.

Máis de dous mil nenas e nenos participaron xa neste “A Vila do Mañá” que recibiu apoio da área de Cultura da Deputación da Coruña a través da liña de proxectos singulares co que buscamos promover propostas de especial interese que teñan nos seus obxectivos o desenvolvemento cultural e o valor engadido do seu carácter social. O proxecto que capitanea a arquitecta Sandra González é, sen dúbida algunha, abondo singular e ten unha repercusión social indiscutíbel, condicións requiridas nesta liña de axuda que está a financiar iniciativas que dan conta da enerxía e a imaxinación que hai no noso país.

En Arzúa, “A Vila do Mañá” descubriu a nenas e nenos esa nova realidade na que vivimos, convidoulles a que cumprisen os protocolos sanitarios a través do xogo, aprendeulles a vivir a cidade sen medo mais tamén con precaución. Leccións imprescindíbeis que nos vemos na obriga de ensinar e aprender, nesta nova maneira de vivir e sobrevivir que fixo aínda máis necesario este proxecto.

Parabéns a Sandra González e a todo o seu equipo, co recoñecemento e o agradecemento por axudarnos a adaptar os nosos espazos urbanos á nova realidade.

Xurxo Couto
Deputado de Cultura da Deputación da Coruña



O QUID DA CUESTIÓN: A VILA DO MAÑÁ

Cando nace “A Vila do Mañá”, da man da arquitecta galega Sandra González Álvarez, dificilmente se podería imaxinar un mañá tan desconcertante coma o que nos está a tocar vivir na actualidade. A COVID-19 irrompeu nas nosas vidas deixándonos ante un futuro impredecible e incerto. Esta inquietude tradúcese tamén nos nosos espazos, nos lugares que habitamos, nos que traballamos, nos que nos relacionamos...

Durante o confinamento vivimos a experiencia de converter o noso hábitat no noso todo e de ter que renunciar ao uso do espazo público e ás actividades colectivas. A casa converteuse nun cascarón protector e a rúa nun espazo baleiro e inseguro. Nunca fomos tan conscientes do valor das arquitecturas nas que nos tivemos que protexer e das arquitecturas ás que tivemos que renunciar.

O momento é delicado e crucial. Por unha banda, compre preservar valores fundamentais dos nosos modos de vida e, por outra, ábrese unha oportunidade para a redefinición de aspectos que contribúan á consecución dun mundo máis amigable, máis saudable e máis sostible.

A arquitectura ten unha responsabilidade irrenunciable fronte a unha sociedade que se está a redefinir. A evidencia da necesidade de repensar os nosos fogares e os nosos xeitos de traballo únese a reivindicación dun espazo público de calidade no que as restricións temporais por motivos sanitarios non impidan a socialización e o disfrute dos espazos compartidos.

Hai evidencias, neste senso, que fan saltar as alarmas: esas primeiras saídas logo do confinamento nas que parecía que pisabamos a rúa por primeira vez, nas que nos mirabamos tras as nosas máscaras sen saber moi ben como achegarnos ou como falarnos; o ilustrativo “Xa non hai que compartir, fillo. Esquece todo o que che teño dito”, que berraba a actriz Charo Urbano na performance do “Primeiro día de colexio”¹. Especialmente dolorosa está sendo a exclusión dos nosos maiores dos ámbitos compartidos pola súa vulnerabilidade fronte á pandemia.

“A Vila do Mañá” saca ás nenas e nenos á rúa para explorar estes espazos a través do xogo, convertidos en *homo ludens*² que, cunha serie limitada de elementos, van organizar libremente o seu entorno, a súa particular *Nova Babilonia*³, a utopía de Constant Nieuwenhuys na que a sociedade nómada adapta constantemente o seu propio entorno. A súa experiencia non se queda nun día de festa na vila, se non que lles permite retomar o espazo como propio e xerar sinerxías que salpiquen ao resto da sociedade.

Nesta ocasión, máis que nunca, compre observar a ollada desprexuzada dos que están acostumados a explorar por primeira vez e que, fronte ás reservas do mundo adulto, se deixan arrastrar pola curiosidade. Así, vemos ás nenas e aos nenos nas rúas de Arzúa descubrindo o que implica unha separación de un metro e medio, enfundados en flotadores que limitan os seus movementos. A escena recórdanos aos traballos escenográficos de Oskar Schlemmer, profesor na Bauhaus alemana, na que crea o *atrezzo* das actrices e actores do Ballet Triádico⁴, estreado en Stuttgart no ano 1922. Cada personaxe enfúndase nun traxe que limita a expresividade libre do corpo e potencia outros comportamentos dirixidos. Unha estratexia que asume a restrición pero explora a posibilidade.

Historicamente, logo das grandes crises, a arquitectura sempre soubo dar respostas creativas para a nova sociedade. De feito, os avances máis relevantes neste ámbito tiveron lugar como reacción fronte aos modelos de vida obsoletos, como foi a introdución das medidas hixienistas na arquitectura de finais do século XIX e primeiros anos do XX. E cabe sinalar que, nalgúns destes exemplos máis significativos, aparecen as nenas e nenos e o xogo como motor do cambio.

1. Charo Urbano, “Primer día de colegio”, 2020. <https://www.youtube.com/watch?v=pvA3LSHfQFo> [Consultada: 12/10/2020].

2. Johan Huizinga. *Homo ludens*. Madrid: Grupo Anaya, 2012 [orixinal: 1938].

3. Constant Nieuwenhuys. *La Nueva Babilonia*. Barcelona: Gustavo Gili Mínima, 2009 [orixinal: 1956-74].

4. Oskar Schlemmer. *Das Triadisches Ballett* (1922). Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, Madrid. https://www.museoreinasofia.es/sites/default/files/salas/informacion/206.02_esp_completo_web.10.2017.pdf [Consultada: 12/10/2020].

Botemos un ollo ás fermosísimas fotografías de Nigel Henderson en Bethnal Green ⁵, unha área no East End do Londres de posguerra dos anos cincuenta, sumido nunha profunda crise económica, social e emocional. Estas imaxes en branco e negro amosan ese mundo empobrecido e gris no que aparecen os nenos colonizándoo cos seus xogos pintados no asfalto das rúas. Esa ollada ao día a día de Henderson foi a base das innovacións urbanísticas e a redefinición do hábitat de arquitectos tan relevantes para a contemporaneidade como Alison e Peter Smithson, tal como amosaron nunha das últimas reunións dos CIAM en Aix-en-Provence, no 1953 ⁶. Tamén desta época son os parques de xogos infantís dos arquitectos holandeses Aldo Van Eyck e Jakoba Mulder que, como estratexia revitalizadora dos barrios, encheron os baleiros das feridas que os bombardeos deixaron na cidade de Ámsterdam ⁷.

“A Vila do Mañá” comparte estas estratexias de rexeneración desde a súa orixe pero, neste contexto actual, tamén se carga de responsabilidade política e activismo. En paralelo ao Maio do 68, que tiña lugar nas rúas de París, Palle Nielsen organiza unha revolta no Museo Moderno de Estocolmo, habilitando unha sala para que, durante un mes, nenas e nenos xogasen e transformasen o espazo coa aspiración de convertelo nunha nova sociedade, cun enfoque fundamente político. O título, “Modelo para unha sociedade cualitativa” ⁸ é explícito. Precisamos de novo un referente para unha *sociedade cualitativa* que non sucumba ás xustificadas limitacións por motivos de saúde e loite por transformalas en oportunidades de mellora. Neste senso debemos de traballar hoxe desde a arquitectura e, sen dúbida, nisto está “A vila do Mañá”.

5. Nigel Henderson, *Photograph of children playing in the street*. Tate Foundation, Londres. <https://www.tate.org.uk/art/archive/items/tga-201011-3-1-106-2/henderson-photograph-of-children-playing-in-the-street> [Consultada: 12/10/2020].

6. Alison e Peter Smithson, “Urban Re-Identification Grid, 1953”: Max Risselada; Dirk Van den Heuvel, *Team 10 in search of a Utopia of the present 1953-81* (Rotterdam: Nai Publishers, 2005: 30).

7. Aldo van Eyck, “On the Design of Play Equipment and the Arrangement of Playgrounds, 1962”: AA.VV., *Playgrounds, reinventing the square* (Madrid: Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, 2014): 120-135.

8. Palle Nielsen, “Modellen-En modell för ett kvalitativt samhälle, 1968”: AA.VV., *Playgrounds, reinventing the square* (Madrid: Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, 2014): 174-175.

Luz Paz Agras
Dra. Arquitecta profesora da ETS de Arquitectura da Universidade da Coruña

ARZÚA, CAMIÑANDO CARA A VILA DO MAÑÁ

Arzúa é un municipio do interior de Galicia de carácter marcadamente rural; a natureza e a beleza da súa paisaxe conforman un territorio de xente solidaria, acolledora, emprendedora, conservadora de tradicións e coa fortaleza precisa para afrontar un futuro tan incerto como ilusionante.

O Camiño de Santiago constitúe xunto co turismo rural unha das nosas sinais de identidade; dende hai décadas ten marcado o carácter da nosa xente converténdonos nun pobo acolledor e hospitalario.

Froito deste espírito de acollemento e colaboración, en Arzúa sempre recibimos con bo agrado todas as iniciativas que se nos presentan como unha oportunidade para amosar ao mundo o mellor de nós mesmos, e de recibir dos demais todo canto nos permita progresar e ollar dun xeito novo e diferente o que nos rodea.

Así, recibimos con moita ilusión a proposta que a Concelleira de Cultura e Educación, Aurora Varela, puxo sobre a mesa hai un tempo dunha iniciativa que baixo o título de “A Vila do Mañá”, presentaba un proxecto, autoría de Sandra González Álvarez, que procuraba crear unha postura crítica sobre a visión da infancia e a mocidade na nosa vila para poder profundizar na súa situación actual.

O proxecto, cunha longa e exitosa traxectoria noutras vilas e cidades, comparte a nosa maneira de entender a Arzúa que queremos, unha vila aberta, moderna, educadora. Un pobo que camiña con pasos decididos cara o futuro.

“A Vila do Mañá” trouxo a Arzúa un obradoiro didáctico, centrado no urbanismo e na paisaxe, para converter a nosa vila nun gran taboeiro de xogos.

Arzúa convertiuse entre o 4 e o 8 de setembro de 2020, no centro de experimentación para unha ducia de nenos e nenas do municipio, que desfrutaron da oportunidade de visualizar diversos espazos do noso concello dende unha perspectiva diferente.

Marcados polas novas circunstancias que nos toca vivir, coas medidas de distanciamento social, que fan máis difícil construír espazos comúns, en Arzúa conseguiron invadir de cor a Praza de Galiza, a Avenida de Lugo,...; os nosos nenos e nenas mediante o xogo crearon unha nova visión dos lugares coñecidos debuxándoos dende unha ollada noble e dócil.

“A Vila do Mañá na Nova Normalidade” permitiunos dar voz aos que habitualmente non a teñen; adentrarnos na visión que teñen de Arzúa os que agora son e serán os seus habitantes do futuro; resultou moi gratificante encher de cor e ledicia os nosos espazos cunha morea de propostas creativas que se poden ver nesta publicación.

Encantados quedamos en Arzúa de ser partícipes de iniciativas como “A Vila do Mañá”, de reconquistar espazos, de ollar dende a nobleza e a inocencia da infancia, de repensar espazos para a vida e a liberdade.

José Luis García López
Alcalde de Arzúa

1 DESCUBRINDO “A VILA DO MAÑÁ”

(Arzúa, 2020)

Nun tempo tivemos medo do monte. Era o monte do lobo, do ogro, da escuridade. Era o lugar onde nos podíamos perder. Cando os avós contábannos contos, o monte era o lugar preferido para ocultarse os inimigos, as trampas, as angustias. [...] Nun tempo, sentímonos seguros entre as casas, na cidade, co vecindario. Este era o sitio onde buscábamos aos compañeiros, onde os atopábamos para xogar xuntos. Alí estaba o noso sitio, o sitio onde nos escondíamos, onde organizábamos a pandilla, onde xogábamos as mamás, onde escondíamos o tesouro... [...] Pero en poucas décadas, todo cambiou. Houbo unha transformación tremenda, rápida, total, como nunca a viu a nosa sociedade (polo menos segundo consta na historia documentada). [...] O monte pasou a ser belo, luminoso, obxecto de soños e de desexos. A cidade, en cambio, converteuse en algo sucio, gris, monstruoso. [...] Nos últimos decenios, e dun xeito totalmente evidente nos últimos cincuenta anos, a cidade, nacida como lugar de encontro e de intercambio, descubriu o valor comercial do espazo e alterou todos os conceptos de equilibrio, benestar e comunidade para seguir soamente programas de beneficios, de intereses. Vendéuse, prostituíuse. [...] A cidade é agora como o monte dos nosos contos.¹

⁰¹ Tonucci, Francesco. *La ciudad de los niños*. 1997. Madrid: Fundación Germán Sánchez Rujpérez.

Como podemos recuperar a identidade da vila/cidade?...como a vila/cidade podería ser de novo ese lugar de encontro e de intercambio?... como volver sentirnos seguros entre as casas, na vila/cidade, na veciñanza?... como volver facer que a vila/cidade sexa o noso sitio, o noso lugar?... que debemos facer para que a vila/cidade deixe de ser algo sucio, gris, monstruoso?... estas son as cuestións que nos levan a crear o Proxecto: “A Vila do Mañá”.

“A Vila do Mañá” é un proxecto educativo e de divulgación, cuxo obxectivo é que dende a infancia e a través do xogo se tome conciencia de todas as escalas do común: a arquitectura, o patrimonio tanxible e intanxible, o urbanismo e a paisaxe. Á vez que dende a disciplina arquitectónica se tome conciencia dunha nova visión da vila/cidade, que é a que nos achegan os que serán os habitantes do mañá.

O reto principal é que a infancia e a adolescencia estean presentes de forma activa nos procesos de construción do espazo común (praza, barrio, cidade...) dotándoos das ferramentas necesarias para desenvolver a súa creatividade, dende a Arte e a Arquitectura. O fin é provocar neles o espertar dunha nova mirada sobre os espazos nos que desenvolven a súa vida.

Como síntese das nosas ideas podemos afirmar que: entendemos a vila/cidade como taboleiro de xogo, como lugar de encontro e como laboratorio de aprendizaxe para os nenos e nenas que, a través das ferramentas propias da infancia como son o seu propio movemento e o xogo, teñen que descubrir, vivir, coñecer e valorar o seu hábitat para poder actuar nel; defendemos o dereito dos nenos e nenas ás cidades, como parte dunha cidadanía activa; a cal será a que herde e desenvolva a vila/cidade futura; remarcamos a importancia do hábitat no que os nenos e nenas viven na súa relación identitaria con el; e por último consideramos a Arte e a Arquitectura como ferramentas educativas que nos permiten levar a cabo este proxecto. Podemos considerar “A Vila do Mañá” como unha experiencia innovadora de Aprendizaxe e Servizo, desenvolvendo un novo aspecto da profesión de arquitectura, que tanto a crise financeira como a actual crise sanitaria puxo en cuestión.

“A Vila do Mañá” está a desenvolverse mediante diferentes talleres en distintas vilas e cidades de Galicia, ata o momento realizouse en Rianxo, Bertamiráns, Milladoiro, Verín, A Pobra do Caramiñal, Mondoñedo, Ribeira, Carballo, Bueu, Vilagarcía de Arousa, Cambados, Arteixo, Ferrol, Malpica e Arzúa; o proxecto “A Vila do Mañá” púxose a proba, cambiando totalmente de escala na cidade de São Paulo (Brasil). É realizado polo equipo de PØST arquitectos, financiado polos diferentes Concellos, e durante o ano 2019 contou coa subvención da Deputación de A Coruña: (FO300/2019 convocatoria do programa de subvencións destinado a entidades lucrativas para a produción de proxectos singulares de especial interese cultural na Provincia da Coruña), recibe o apoio da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña (ETSAC), da Facultade de Arquitectura e Urbanismo da Universidade Presbiteriana Mackenzie (FAU-Mackenzie), e da Asociación para a Defensa do Patrimonio Cultural Galego (APATRIGAL).

Presentamos este libro, nun momento complexo, cunha nova normalidade, no que vamos a atoparnos cunha realidade ben distinta a que estabamos afeitos, analizaremos o caso práctico do resultado do taller “A Vila do Mañá na Nova Normalidade, Arzúa” realizado do 4 ao 9 de Setembro do 2020.

A cidade é -e é un tópico pero non por iso banal ou falso- a realización humana máis complexa, a produción cultural máis significativa que recibimos da historia. [...]. A cidade nace do pensamento, da capacidade de imaxinar un hábitat, non só unha construción para acubillarse, non só un templo ou unha fortaleza como manifestación do poder. Facer a cidade é ordenar un espazo de relación, é construír lugares significantes da vida común. A cidade é pensar o futuro e logo actuar para realizalo. As cidades son as ideas sobre as cidades.²

⁰² Borja, Jordi. *La ciudad conquistada*. 2003. Madrid: Alianza Editorial.

2 “A VILA DO MAÑÁ” EN TEMPOS DE PANDEMIA

“A Vila do Mañá” en Tempos de Pandemia, busca xerar unha postura crítica sobre a posición da infancia e a mocidade nas nosas vilas e cidades, para poder profundizar na súa situación actual.

Podémonos remontar o ano 1978 cando Colin Ward escribía unha das obras de referencia neste tema, *The Child in the City*, onde analiza a relación da infancia coa cidade.

Os mestres do centro da cidade, incluso os máis experimentados, están tan afeitos á mobilidade, a liberdade de acceso ao transporte e a competencia social para moverse, que continuamente sorpréndense de que moitos nenos aos que ensinan vivan confinados nunhas poucas rúas ou mazás.[...] Nunha enquisa realizada para a Community Relations Commission atopouse que pouco menos da metade dos nenos menores de cinco anos no distrito de Handsworth en Birmingham, nunca saíu a xogar. “Non teñen acceso aos espazos de xogo, e os seus pais temían pola súa seguridade se os deixaban saír”. [...] Os profesores dunha escola de Bristol contábanme o impacto co que se decataron de que algúns dos seus alumnos adolescentes nunca estiveran no centro da cidade, [...] os profesores do barrio londiniense de Brent faláronme de nenos de trece e catorce anos que nunca viran o Támesis.³

⁰³ Ward, Colin. *The Child in the City*. 1978. New York: Pantheon Books.

Aínda que pasaron máis de corenta anos, o narrado por Ward é totalmente actual, nunha experiencia de “A Vila do Mañá” no Colexio Liceo La Paz da Coruña, traballando cos nenos/as de infantil e tentando poñer a proba cal era o seu coñecemento da contorna na que habitan, creamos unha serie de paneis con imaxes reconecibles da cidade da Coruña, a maioría das iconas da cidade éranlles totalmente descoñecidas, pero a nosa sorpresa foi máxima, cando ante a imaxe dunha coñecida cadea de comida rápida, todos con gran xúbilo recoñecérona: McDonald’s!!!, e o que nos deixou atónitos, foi a resposta o ver a imaxe do Obelisco: Big Ben de Londres... A diferenza co que nos contaba Ward, é a evolución nas tecnoloxías, a día de hoxe todo está a un “click” de distancia, e é máis fácil coñecer a través da pantalla as cidades afastadas, que vivir a nosa propia.

Tras esta experiencia e o vivido nos talleres de “A Vila do Mañá” en diferentes vilas e cidades, podo afirmar que a conexión natural entre os nenos/as e o seu hábitat, o lugar onde crecen e se desenvolven, a cidade ou a vila na que viven, está diluída, é apenas existe.

As novas xeracións, os habitantes do mañá, descoñecen na súa totalidade a súa vila ou cidade, viven nunha “caixiña”, desprázanse noutra “caixiña” máis pequena e chegan a unha “caixa” maior (chámese colexio, centro comercial, polideportivo, ... ou parque infantil). Esta é a súa relación coa súa contorna.⁴

Sandra González Álvarez

Fronte á actual concepción das nosas vilas/cidades, “A Vila do Mañá” trata de entender a vila/cidade como espazo de relación e vida en común, como unha ferramenta educadora, non neutra, á que nos aproximamos dende o xogo.

Un concepto fundamental que articula e relaciona a idea de vila/cidade é o do espazo público:

⁰⁴ Domènech, Mar. (23 de Novembro de 2018). ENTREVISTA | Sandra González, arquitecta “El futuro de una ciudad son los niños: si es buena para ellos, es buena para todos”. *elDiario.es*. Recuperado de https://www.eldiario.es/nidos/futuro-ciudad-ninos-buena_128_1828483.html

⁰⁵ Borja, Jordi. *La ciudad conquistada*. 2003. Madrid: Alianza Editorial.

Negamos a consideración do espazo público como un chan cun uso especializado, non se sabe se verde ou gris, se é para circular ou para estar, para vender ou para comprar, cualificado unicamente por ser de “dominio público” aínda que sexa á vez un espazo residual ou baleiro. É a cidade no seu conxunto a que merece a consideración de espazo público. [...] . O espazo público concibido tamén como instrumento de redistribución social, de cohesión comunitaria, de autoestima colectiva. E asumir tamén que o espazo público é espazo político, de formación e expresión de vontades colectivas, o espazo da representación pero tamén do conflito. Mentres haxa espazo público, hai esperanza de revolución, ou de progreso.⁵

Jordi Borja

Recuperando algunhas das ideas propostas polo arquitecto holandés Aldo van Eyck (1918-1999), nas que se outorgaba ao neno/a a oportunidade de descubrir a cidade dende o seu propio movemento, que ten que ser desenvolvido a través dos seus xogos porque é a súa maneira natural de coñecer o mundo. Somos conscientes de que, actualmente, isto xera un conflito nas rúas e prazas, o cal desexamos provocar, evidenciar e poñer de manifesto dende os talleres, aínda que sexa de maneira temporal. Que sucede cando os espazos públicos son ocupados por nenos/as xogando? Que sensación teñen os nenos/as? Como reaccionan os adultos?... Dende ese conflito, queremos transformar a imaxe da cidade que teñen os nenos/as e adolescentes e, ao mesmo tempo, facelos visibles neses espazos a ollos dos adultos (Fig. 01).

⁰⁶ van Eyck, Aldo. “Sobre el diseño del equipamiento lúdico y la disposición de los espacios de juego” (1962) en: *Playgrounds. Reinventar la plaza*, (Madrid: Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía; Siruela, 2014), 121-122.

A oportunidade de que o neno descubra o seu propio movemento forma parte da cidade en si; a cidade tamén é un espazo de xogo. O neno utiliza todos os elementos da cidade, todos os obxectos construídos, todas as superficies polas que pode gatear ou trepar. Os nenos saben xogar moi ben con estas cousas, aínda que non teñan permiso para iso.⁶

Aldo van Eyck



Fig. 01 Invasión de cor na Praza de Galicia, taller "A Vila do Mañá na Nova Normalidade, Arzúa". setembro 2020.

O xogo é unha actividade fundamental para o desenvolvemento dos nenos/as. É un poderoso instrumento de aprendizaxe para actitudes, comportamentos e valores dunha sociedade. Durante a infancia aprendemos xogando e, por iso, os talleres desenvolvéronse a través do xogo como ferramenta fundamental nestas idades. Buscamos unha aprendizaxe actuando na realidade, no local, abordando situacións espaciais que poden ser coñecidas de antemán e que se redescubren dende unha nova perspectiva. Tamén buscamos a acción a través do movemento do neno/a, descubrir o espazo dende a máxima liberdade do xogo.

Habitar, para o individuo ou para o grupo, é apropiarse de algo. Apropiarse non é ter en propiedade, senón facer a súa obra, moldeala, formala, poñer o selo propio. Habitar é apropiarse dun espazo [...] Con este termo [apropiación] non nos referimos a propiedade; é máis, trátase de algo totalmente distinto; trátase do proceso segundo o cal un individuo ou grupo aprópiase, transforma no seu ben, algo exterior.⁷

Henri Lefebvre

⁰⁷ Lefebvre, Henri. *El derecho a la ciudad*. 1975. Barcelona: Península.

Outra idea que fundamenta “A Vila do Mañá” xorde do dereito á cidade, tal como defendía Henri Lefebvre (1901-1991), polo que as persoas que habitan nela teñen dereito ao seu goce, á súa transformación e a que reflecta a súa maneira de entender a vida en comunidade. Dende este punto de vista, como non incluír o dereito de nenos e nenas á cidade? Por iso, consideramos o espazo público como un espazo común de aprendizaxe e construción colectiva no que a infancia e a adolescencia tamén debe ter cabida.

⁰⁸ Artigo 12 da Convención sobre os Dereitos do neno. UNICEF. 2006.

Tratamos de dar voz aos que normalmente non a teñen, os nenos/as e os adolescentes, impulsando o seu Dereito⁸ para formarse un xuízo propio do hábitat no que viven e a poder expresalo e poñelo de manifesto. Buscamos estimular unha actitude crítica para impulsar o seu desenvolvemento como unha cidadanía activa, pois eles serán os responsables da vila/cidade do futuro. Conformer, por tanto, as bases dunha cidadanía crítica e comprometida e unha vila/cidade como un espazo vivido que leve a mellorar a calidade de vida dos cidadáns e fortalezca a idea de comunidade.

Traballamos os espazos públicos para transformalos en espazos comúns. Como afirma o xeógrafo e teórico social David Harvey (1935), é necesaria a apropiación dos espazos públicos urbanos por parte da cidadanía mediante unha acción política para convertelos en espazos comúns.

Reclamar o dereito á cidade no sentido en que eu o entendo supón reivindicar algún tipo de poder configurador do proceso de urbanización, sobre a forma en que se fan e refán as nosas cidades, e facelo dun modo fundamental e radical.⁹

⁰⁹ Harvey, David. *Ciudades rebeldes Del derecho de la ciudad a la revolución urbana*. 2013. Madrid: Ediciones Akal.

David Harvey

As prazas e rúas, a paisaxe cos seus elementos, o mobiliario, os baileiros, ... son bens comúns que buscamos que os nenos/as recoñezan como seus dende diferentes puntos de vista: dende a historia, os seus usos, a súa evolución e as súas transformacións.

O obxectivo principal de “A Vila do Mañá” é que a infancia e a adolescencia estean presentes de forma activa nos procesos de construción do espazo común, dotándolles das ferramentas necesarias para desenvolver a súa creatividade dende a Arte e a Arquitectura, co fin de provocar neles o espertar dunha nova mirada e xerar vínculos de identidade cos espazos nos que habitan.

A palabra hábito é unha palabra demasiado gastada para expresar esa ligazón apaixonada do noso corpo que non esquece a casa inesquecible.¹⁰

Gastón Bachelard

¹⁰ Bachelard, Gastón. *La poética del espacio*. 2000. Buenos Aires: Fondo de Cultura Económica.

Preténdese que adquiran un maior coñecemento da vila/cidade na que viven; unha apropiación de espazos que lles son vetados a diario; o movemento con liberdade nas rúas e prazas; o empoderamento espacial xunto con outros nenos/as favorecendo a súa convivencia; a valoración do lugar no que habitan a través dunha nova mirada sobre o seu hábitat; facerlles responsables da contorna; coñecer tamén os elementos que conforman o lugar inmaterial; e, sobre todo, demostrarlles a súa capacidade transformadora (Fig. 02).



Fig. 02 Invasión de cor na Avenida de Lugo, taller “A Vila do Mañá na Nova Normalidade, Arzúa”. setembro 2020.

Co taller “A Vila do Mañá”, a vila/cidade na que viven non é unha idea abstracta, nin é unha serie de pequenas imaxes parciais; comeza a entenderse como unha contorna moito máis complexa e ampla, que nos aproxima á noción de hábitat: o espazo que transcende a súa localización física nun territorio no que resolvemos as nosas necesidades, establecendo relacións con outras persoas e co medio, tanto natural como construído; implicando procesos nos que se transforma, pero nos que tamén somos transformados. O hábitat implica tamén a memoria e o simbólico da comunidade. En síntese, o hábitat como sistema de relacións e procesos que se xeran entre tres elementos: a natureza, a sociedade e o habitante.

Do mesmo xeito que esta páxina impresa, se é lexible, pode ser apre-
hendida visualmente como unha pauta conexas de símbolos reconoci-
bles, unha cidade lexible sería aquela cuxos distritos, sitios sobresalientes
ou sendas son identificables facilmente e agrúpanse, tamén facilmente,
nunha pauta global.¹¹

¹¹ Lynch, Kevin. *La imagen de la ciudad*. 2008. Barcelona: Gustavo Gilli.

Kevin Lynch

O hábitat dos nenos/as é onde desenvolven as súas vidas, o que viven e o que coñecen e, por tanto, é un forte elemento xerador de aprendizaxe. A vila/cidade, a arquitectura que a conforma e a paisaxe son ambientes de aprendizaxe para o neno/a, construíndo coñecemento a diferentes escalas. Como é posible que a infancia actual véxase privada desta relación?

Introdúcense dúas condicións fundamentais en “A Vila do Mañá”: o corpo do neno/a e o seu movemento como referencia fundamental para o descubrimento do lugar e do contexto; e a experiencia, tanto perceptiva, a sentida no momento, como a que provén do recordo ou da memoria do día a día. Dende eses dous aspectos trabállase no hábitat real, percorrendo a vila/cidade, descubrindo e intervindo nas súas rúas e prazas. O espazo urbano convértese nun enorme taboleiro de xogo en tres dimensións que require nenos/as inquedos e activos que o

exploren, recoñezan e sexan capaces de modificalo. O lugar transfór-mase en algo dinámico que xa non só é aprehendido, senón que pode ser modificado por eles mesmos, outorgándolles un papel protagonista que normalmente, na creación de espazos, non se lles dá ou queda reducido a un ámbito de xogo máis controlado, como o patio do colexio ou a área infantil coutada dos parques.

Resumindo o exposto ata o momento, a vila/cidade é o reflexo da civilización que a constrúe e habita. Representanos, evidencia o modo en que entendemos o mundo e como funciona a nosa sociedade. A relación que establecemos co noso hábitat é recíproca: nós construímolo e el constrúenos a nós. Partindo desta base deberíamos preocuparnos a relación actual da infancia coa súa contorna, onde están os nenos e nenas nas nosas vilas/cidades?, por que non están presentes na paisaxe urbana?

O día 11 de Marzo do presente ano, a Organización Mundial da Saúde (OMS) anuncia que a nova enfermidade por coronavirus 2019 pode caracterizarse coma unha Pandemia, o 14 de Marzo o espazo público das nosas vilas e cidades baléirase. Vilas e cidades desertas, tendas cerradas, parques infantís clausurados,... rúas sen ninguén circulando... algo impensable ata o momento.

Máis aló das vivencias cotiás, as análises urbanas da relación da infancia coa cidade en tempos de Pandemia, ata que puidemos recuperar a actividade de "A Vila do Mañá na Nova Normalidade", foron a través das publicacións en medios de prensa escritos ou visuais.

O día 22 de Marzo, aparece un artigo no xornal El Confidencial, titulado: "A asombrosa desaparición de 7 millóns de nenos españois polo coronavirus" o cal comenza da seguinte maneira; "Sabían que hai 7 millóns de menores de 15 anos en España? E que agora mesmo están todos encerrados nas súas casas sen poder saír e cunha chea de deberes? Non, non é que o Estado os castigara a todos por mal comportamento. Ou si. Son a poboación invisible do confinamento por coronavirus".

¹² Prieto, Carlos. (22 de Marzo de 2020). ENTREVISTA a César Rendueles “La asombrosa desaparición de 7 millones de niños españoles por el coronavirus”. *El Confidencial*. Recuperado de https://www.elconfidencial.com/espana/2020-03-22/coronavirus-millones-ninos-espanoles_2509379/

Eu engadiría que estes sete millóns de nenos/as xa estaban desaparecidos nas nosas vilas/cidades, son a poboación invisible no día a día das nosas urbes.

Na entrevista César Rendueles afirma: “Estamos afeitos a esperar que os nenos sexan invisibles, que non molesten, non fagan ruído e non alteren o mundo “normal”, que entendemos que é o dos adultos. A crise do coronavirus é unha especie de paraíso adultocéntrico. Os nenos desapareceron completamente da vista pública, por fin son asunto exclusivamente privado dos seus pais”.¹²

O artigo de Clara Blanchar publicado o 16 de xuño no diario El País, co título: “Os nenos reconquistan a Barcelona turística. A reapropiación dos barrios céntricos polos veciños vese escurecida pola crise que provoca a falta de visitantes”. Sen dúbida é un titular de por se suxectivo, porque expón fenómenos que acaeceron, nalgunha medida, pola situación de pandemia mundial. Palabras como “reconquistan”, “reapropiación” son palabras coas que expresamos as actividades de “A Vila do Mañá”, son ideas que cremos necesarias para a transformación das vilas/cidades e estaban a ocorrer de forma espontánea.

Se continuamos lendo: “A crise do coronavirus provocou escenas insólitas en 20 anos nos barrios de Barcelona máis presionados polo turismo: nenos montando bicis e patinetes ante a Catedral, no Barrio Gótico; xogando ao fútbol no Parque Güell, ou pasando a tarde ante a Sagrada Familia. Nunha cidade de 1,6 millóns de habitantes que recibe cada ano a 30 millóns de visitantes, a súa súbita desaparición dos lugares máis visitados levou aos veciños a reconquistar o espazo público, pero ten unha cara b: a crise socioeconómica”.¹³

¹³ Blanchar, Clara. (16 de Xuño de 2020). “Los niños reconquistan la Barcelona turística. La reapropiación de los barrios céntricos por los vecinos se ve oscurecida por la crisis que provoca la falta de visitantes”. *El País*. Recuperado de <https://elpais.com/sociedad/2020-06-15/los-ninos-reconquistan-la-barcelona-turistica.html>

Non me sorprende que sexa unha “escena insólita” que haxa nenos/as xogando no espazo público, o que vén reafirmar a hipótese de partida: a relación entre os nenos/as e a vila/cidade en que desenvolven a súa vida é apenas existente, como poderíamos cambiar esa relación?... como volver facer que a cidade sexa o noso sitio, o noso lugar?... estas son as cuestións que me levan a saír novamente á rúa co proxecto “A Vila do Mañá na Nova Normalidade, Arzúa”.

3 COÑECENDO ARZÚA

“A Vila do Mañá” parte de tomar a vila de Arzúa como un taboleiro de xogo, transformando o lugar que habito en algo novo, en algo a descubrir se se mira e percorre con outros ollos.

Nesta edición da “Vila do Mañá na nova Normalidade” incorporamos a creación dun taboleiro de xogo cos elementos característicos de Arzúa. É un “xogo da oca” (Fig. 03) orixinal e inédito, conformado por aqueles elementos arquitectónicos, urbanísticos, paisaxísticos, artísticos e culturais que configuran a identidade de Arzúa.







Fig. 03 Taboleiro “A Vila do Mañá na nova Normalidade, Arzúa”.
Elaboración propia.



Dalle cor a túa vila...










2






3





4










8




9











12
































Dalle cor a túa vila...



LENDA

1. Igrexa de Santiago. Construída entre 1955 e 1958, serviu como cuartel militar durante a Guerra Civil. Aínda conserva a súa torre de sillería granítica de 1829.
2. "Homenaxe do Concello de Arzúa ás queixeiros da comarca", na Praza de Galicia, obra de Fernando García Blanco en 1984, sendo colocada na entrada principal da vila fronte ao cruzamento do Concello.
3. Denominación de Orixe Arzúa-Ulloa. Sendo Arzúa coñecida como "a terra do queixo", esta denominación ampara os seguintes tipos de queixo: Arzúa-Ulloa, Arzúa-Ulloa de granxa e Arzúa-Ulloa curado.
4. Casa indiana rehabilitada cun clasicismo renovado, conta no seu interior cun invernadoiro e unha praza de 1930.
5. Albergue de San Francisco. Antiga casa familiar rehabilitada situada no trazado histórico do Camiño.
6. Casa do Concello de Arzúa. No século XIX, coa Lei de Burgos que estableceu Santiago de Arzúa como capital do municipio, comezou un desenvolvemento da área urbana de Arzúa o que levou a construción do edificio que hoxe segue ocupando a Casa do Concello.
7. Nesta localidade o Camiño do Norte únese ao trazado francés. Tanto os peregrinos que seguiron algunha dos dous roteiros anteriores, como aqueles que seguindo o Camiño Primitivo enlazaron coa senda francesa en Melide, avanzan xuntos desde Arzúa ata a tumba do apóstolo Santiago.
8. Escultura que simboliza tanto a forza do potencial gandeiro que existía e existe na comarca de Arzúa como os tratantes que acudían ás feiras, obra de Fernando García Blanco de 1986.

9. Capela da Madalena fundada polos Frades Agostiños no século XVI para acoller aos peregrinos. De estilo románico, aínda conserva no seu interior o sepulcro de “o señor do Pazo de Brates”, coñecido como Alonso Muñiz que participou na súa fundación.
10. Rúa do Carme. Discorre ao longo do Camiño Francés. Os seus soportais, as fachadas revestidas de madeira e o empedrado fan dela os trazos máis representativos.
11. Rúa Dolores. Situada na zona máis antiga de Arzúa, a un paso do Camiño Francés, moi preto da Capela da Madalena, un lugar emblemático onde se realizan actividades culturais organizadas desde o Concello.
12. Recinto Feiral Terra do Queixo. Espazo multiúsos onde ten lugar o mercado dúas veces ao mes e cada ano celébrase alí a Festa do Queixo. Ademais, nel adoitan realizarse moitas actividades e eventos de todo tipo.
13. Piscina municipal de Arzúa. Obra de arquitectura contemporánea, de especial interese. Proxectada por Antonio Raya, Cristóbal Crespo e Carlos Quintán. Este edificio é froito dun concurso promovido pola Deputación provincial da Coruña. Devandito concurso expuña a realización dunha serie de modelos para poder ser repetidos en diversos lugares e, por tanto, con diferentes condicionantes. O proxecto expónse, por tanto, con esa vontade de repetición e sen pensar nunha localización determinada.
14. Igrexa de Boente. Unha das igrexas máis visitadas do Camiño de Santiago coruñés, data nas súas orixes do século XII (restaurada no século XIX), tratándose dunha arquitectura románica de planta basilical, cunha nave única sen transepto nin cruceiro.
15. Ermida da Mota. Capela do século XVIII de orde barroca de planta rectangular, fachada branca e espadana de dobre campanario. Encóntrase situada nunha frondosa carballeira.

16. Albergue para peregrinos da Xunta de Galicia. Albergue público, exclusivo para peregrinos con credencial, situado en pleno centro de Arzúa, onde se une o Camiño Francés e o Camiño do Norte. Lugar perfecto onde o peregrino pode descansar logo dunha dura etapa.


17. San Cristovo de Dombodán. Igrexa construída no século XVIII coa porta de estilo barroco compostelán acaba cun frontón partido enmarcando o nicho de San Cristovo.

18. Ribadiso de Abaixo. Pequena aldea onde se erixe o antigo Hospital de Peregrinos de San Antón de Ribadiso do século XV, xunto ao que se encontra unha ponte gótica do século XII que cruza o río Iso.

19. Pazo de Brandeso. Fundado en 1620, trátase dunha propiedade de doce hectáreas e consta de diversos edificios amurallados -sendo a mansión de planta rectangular con dúas ás nas súas vertentes leste e oeste, dándolle aspecto de "U" ao edificio principal, como é típico nos pazos-, así como de xardíns, labirintos de buxo e unha das carballeiras galegas máis antigas. Foi retiro predilecto de Valle Inclán e a condesa de Pardo Bazán.

20. Pazo Santa María. Construído pola familia Barrio Figueroa y De la Rúa en 1742, componse dunha serie de edificacións de pedra.

21. Pazo da Briona. Data do século XVII, sendo refuxio de monxes, cuartel nas Guerras Carlistas e tamén o lugar onde se gardaron valiosos documentos da Catedral de Santiago para evitar saqueos. Anexada eríxese unha igrexa do século XVIII.



4 A VILA DO MAÑÁ NA NOVA NORMALIDADE, ARZÚA

Traballar na “Nova Realidade”, nestes tempos onde practicamente toda a cotidianeidade e o habitar urbano foron relegados ao ámbito privado, onde a distancia no espazo, outrora común, é ademais de física, social e emocional, resultou ser un gran reto para “A Vila do Mañá”.

Neste ocasión, é Arzúa a que se converte no noso laboratorio de experimentación e taboleiro de xogo. Cunhas circunstancias nas que nunca antes nos atopáramos, cunhas medidas de distanciamento social, que dificultan a posibilidade da construción de espazos compartidos e nun contexto onde o intercambio está restrinxido.

As actividades realizadas no taller de “A Vila do Mañá na Nova Normalidade” estrutúranse a través de seis conceptos fundamentais: a **ESCALA**, a **PERCEPCIÓN**, o **ESPAZO**, a **VILA**, a **PAISAXE**, e a **SUSTENTABILIDADE**, e catro ferramentas necesarias: o **PUNTO**, a **LIÑA**, o **PLANO** e o **ELEMENTO TRIDIMENSIONAL**.

A ESCALA: Na situación anómala, na que nos atopamos creo que o punto de partida das actividades debe ser a escala. Introducimos o concepto, novo para todos, de “DISTANCIAMENTO SOCIAL”. Partindo de tomar conciencia das propias dimensións corporais, o neno/a pode aproximarse a outras dimensións, nesta ocasión creo que é fundamental entender canto é un metro e medio (Fig. 04), xa que toda a nosa vida urbana e social, vai estar marcada por esta distancia.

“Cantas persoas saben canto é un metro e medio?”, pregúntase a arquitecta coruñesa Sandra González, creadora e directora do programa A Vila do Mañá, co que analiza, xunto aos máis pequenos, o deseño das cidades e impulsa a recuperación de espazos para os peóns. A iniciativa suma agora un novo condicionante: manter a distancia de seguridade para evitar contaxios. Estamos nunha nova situación, unha nova realidade, e temos que ver se as cidades están adaptadas para as novas medidas”, expón. Para comprobalo, pasea con nenos e nenas por rúas e avenidas. Esta fin de semana foi a quenda de Arzúa. Como accesorios para o paseo, máscara e flotador. “Puxémoslles aos participantes flotadores dun metro e trinta centímetros para que fosen conscientes da distancia que hai que manter, sobre todo agora que empezan o colexio”, conta. ¹⁴

¹⁴ Carro, Ana. (7 de Setembro de 2020). “¿Cuánto es un metro y medio? La arquitecta Sandra González analiza con los más pequeños las calles y el espacio para peatones con las nuevas medidas del Covid”. *La Opinión A Coruña*. Recuperado de <https://www.laopinioncoruna.es/coruna/2020/09/07/metro-medio/1532257.html>



Fig. 04 Canto é un metro e medio?, taller “A Vila do Mañá na nova Normalidade”, Arzúa Setembro 2020.









¹⁵ Debord, Guy. “Teoría de la deriva” (1959) en: *Internacional situacionista, vol. I: La realización del arte*, (Madrid: Literatura Gris, 1999), 50-53.

A PERCEPCIÓN: A percepción do propio corpo, así como a percepción da contorna que nos rodea, son conceptos fundamentais nos talleres.

Para entender como perciben Arzúa os que son e serán os seus habitantes do futuro, saímos á “deriva”.

Entre os procedementos situacionistas, a deriva preséntase como unha técnica de paso ininterrompidos a través de ambientes diversos. O concepto de deriva está ligado indisolublemente ao recoñecemento de efectos de natureza psicogeográfica e á afirmación dun comportamento lúdico-construtivo que a opón en todos os aspectos ás nocións clásicas de viaxe e de paseo. [...]. Pero a deriva, no seu carácter unitario, comprende ese deixarse levar e a súa contradición necesaria: o dominio das variables psicogeográficas mediante o coñecemento e o cálculo de posibilidades. [...]. O azar xoga na deriva un papel tanto máis importante canto menos asentada estea aínda a observación psicogeográfica.¹⁵

Guy Debord

No noso derivar acompañanos un gran marco dourado, para ir enmarcando aqueles elementos urbanos que son importantes para eles. A experiencia inspírase na obra “Art is...” de Lorraine O’Grady¹⁶. Para a performance, O’Grady decide desfilar no día da cultura afroamericana en Harlem, cun gran marco dourado acompañada de 15 actores e actrices de raza latina e negra. Ao fotografar os marcos O’Grady fainos cuestionarnos sobre que é o que queda fóra ou dentro da súa obra. Tradicionalmente isto era delimitado polo cadro, marcando unha liña bastante clara. Ela, rompe esa liña, e o que pasa fóra coexiste co interior, utilizándoo como crítica á marxinação dunha sociedade “non enmarcada”. O desfile perde a súa focalización central, o espectáculo está nos laterais, a nena apuntando ao marco “Art Is... (girl pointing)”, o policía que guiña un ollo “Art Is...(cop eyeing young man)”, ou o grupo de amigos que miran a dúas mozas pousando, “Art Is...(woman with man and cop watching)”, son os novos protagonistas.

Cales foron os protagonistas da nosa experiencia en Arzúa?

¹⁶ Lorraine O’Grady (1934) é unha artista conceptual e crítica cultural, na súa obra aborda constantemente os problemas da diáspora, a hibridación e a subxectividade feminina negra e salientou os roles formativos que estes xogaron na historia do modernismo.



















¹⁷ Todorov, Tzvetan. *Teoría de la literatura de los formalistas rusos* Jakjobson, Tinianov, Eichenbaum, Brik, Shklovski, Vinogradov, Tomashevski, Propp antología preparada y presentada por Tzvetan Todorov. 1970. Madrid: Siglo Veintiuno editores.

Seguindo co traballo coa percepción, trataremos de provocar nos nenos e nenas unha nova visión da súa contorna cotiá, buscando que rompan co coñecido e que poidan ver os mesmos lugares con outros ollos.

“O propósito da arte é o de impartir a sensación das cousas como son percibidas e non como son sabidas (ou concibidas). A técnica da arte de “estrañar” aos obxectos, de facer difíciles as formas, de incrementar a dificultade e magnitude da percepción atopa a súa razón en que o proceso de percepción non é estético como un fin en si mesmo e debe ser prolongado. A arte é unha maneira de experimentar a calidade ou esencia artística dun obxecto; o obxecto non é o importante.”¹⁷

Viktor Shklovski

Basearemos esta experiencia no concepto da “defamiliarización ou extrañamento”, un concepto literario desenvolto por Viktor Shklovski ¹⁸. Segundo a súa teoría, a cotidianidade fai que se “perda a frescura na nosa percepción dos obxectos”, facendo de todo algo automatizado.

A rutina adormécenos, volvéndonos cegos, xordos, e alleos ao que ocorre na nosa contorna. Xa non observamos o que nos rodea, xa non nos fixamos nos obxectos e lugares que coñecemos, por cotiáns. A arte presenta aos obxectos desde outra óptica. Arríncaos da súa percepción automatizada e cotiá dándolles vida en si mesmos, e no seu reflexo na arte. A través deste concepto empezamos a percibir as cousas doutra maneira, vémosnos obrigados a iso pola “desfamiliarización”, que nos presenta a realidade como nunca antes víramola...


En Arzúa o concepto fundamental da percepción, traballouse coa ferramenta necesaria do plano, para transformar a contorna urbana creáronse debuxos no aire.

¹⁸ Viktor Shklovski (1893-1984) foi un crítico, escritor e panfletista soviético. Foi un dos primeiros teóricos do chamado formalismo ruso.




















¹⁹ Alberti, Leon Battista *De re aedificatoria*. 1975. Oviedo: Edición facsímil.

²⁰ Leon Battista Alberti *De re aedificatoria*. Tradución de Francisco Lozano. Oviedo: Edición facsímil, 1975. Leon Battista Alberti (Xénova, 18 de Febreiro de 1404 – Roma, 25 de Abril de 1472) Arquitecto renacentista e un dos humanistas máis prolíficos da súa época, destacan o deseño de Santa María Novella (Florencia) e por ser un gran teórico do renacemento.

²¹ Aldo van Eyck, diagrama da árbore e a folla, 1962.



O ESPAZO: Buscamos o traballo dende o espazo da arquitectura e da vila a través da experimentación da luz, a textura, a cor, o son, ... O instrumento é o corpo, que percorre e xoga no espazo con todos os sentidos despregados.

A VILA: como o noso hábitat, o noso taboleiro de xogo por descubrir. Comprender a súa estrutura, conformación morfolóxica, os seus baleiros e os seus cheos, a súa historia, as súas tradicións e as súas cuestións simbólicas e inmateriais. Reflexionar sobre como nos movemos duns sitios a outros, os percorridos, os puntos importantes onde se desenvolve a vida do neno/a e da comunidade.

E se a cidade (segundo sentenza de filósofos) é unha gran casa, e pola contra a casa mesma é unha pequena cidade...¹⁹

Leon Battista Alberti

Trátase de que descubran como se conectan as súas casas á vila/cidade, recuperando a idea de Leon Battista Alberti²⁰ de entender a casa como unha gran cidade e a cidade como unha pequena casa, e que tamén Aldo van Eyck expón na súa diagrama da árbore e a folla:²¹ “Unha árbore é unha folla, unha folla é unha árbore. Unha cidade é unha casa. Unha casa é unha cidade, e a cidade unha casa. Unha árbore é unha árbore, pero tamén unha folla enorme. Unha folla é unha folla, pero tamén unha árbore en miniatura. Unha cidade non é unha cidade a menos que sexa tamén unha casa inmensa. Unha casa é unha casa só se é tamén unha pequena cidade”.

O instrumento é o corpo, que percorre e xoga no espazo con todos os sentidos despregados. Manexamos elementos capaces de xerar espazo, explórase a estrutura, o peso, o equilibrio, a estabilidade, a resistencia dos materiais, ... a parte de cuestións estéticas ou de función, buscando solucións que teñan en conta os principios da gravidade e a física.

Os nenos e nenas convértense por uns días en pensadores da cidade, aprópanse dos seus espazos, fanos seus. Idean e inventan os seus propios espazos de xogo, modifícanos, vívenos e gozan deles (Fig. 05).



Fig. 05 Transformando a Vila Traballando con Elementos 3D, taller "A Vila do Mañá na nova Normalidade", Arzúa Setembro 2020.

²² Vasili Vasilievich Kandinsky (Moscó, 4 de Decembro de 1866 – Neuilly-sur-Seine, 13 de Decembro de 1944) pintor ruso, precursor da arte abstracto en pintura e teórico da arte. Considérase que con el comeza a abstracción lírica e o expresionismo.

Con qué elementos vamos a traballar para chegar o noso obxectivo?, que elementos propios da arquitectura usaremos de ferramentas para apropiarnos dos espazos?

Traballamos co PUNTO como ferramenta elemental, baseándonos en Kandinsky²², o punto permitíranos a invasión dos espazos.

Na nosa percepción o punto é a ponte esencial, único, entre palabra e silencio.[...] O punto é ademais, no seu exterior, simplemente o elemento práctico, utilitario, que dende nenos coñecemos. O signo exterior vólvese costume e escurece o son interior do símbolo.[...] O son do silencio cotián é para o punto tan estridente, que se impón sobre todas as súas demais propiedades.²³

Kandinsky

Outra das ferramentas elementais que utilizamos é a LIÑA:

A liña xeométrica é un ente invisible. É a traza que deixa o punto ao moverse e é por tanto o seu produto. Xorde do movemento ao destruírse o repouso total do punto. Demos un salto do estático ao dinámico.[...] Tal é a recta, que na súa tensión constitúe a forma máis simple da infinita posibilidade de movemento.²³

Kandinsky

O espazo que decidiron invadir, conquistar e proxectar é o antigo Mercado de Gando, totalmente en desuso na actualidade, eles, os nenos e nenas tecen o espazo, enchendo de cor e vida a edificación. É o seu novo espazo de xogo, divírtense no “seu espazo”, xeraron unha identidade con el (Fig. 06).

²³ Kandinsky, Vasili. *Punto y línea sobre el plano*. 1993. Barcelona: Editorial Labor.



Fig. 06 Transformando a Vila Traballando coa Liña, taller "A Vila do Mañá na nova Normalidade", Arzúa Setembro 2020.

Vou introducir agora o concepto de identidade, de identidade urbana, como o produto dun diálogo entre o individuo e a súa contorna, non de forma unidireccional, senón que o intercambio ten que ser recíproco.

Eu enfronto a cidade co meu corpo; as miñas pernas miden a lonxitude dos soportais e a anchura da praza; a miña mirada proxecta inconscientemente o meu corpo sobre a fachada da catedral, onde deambula polas molduras e os contornos, sentindo o tamaño dos entrantes e saíntes... Síntome na cidade e a cidade existe a través da miña experiencia encarnada. A cidade e o meu corpo complementáanse e defínense un ao outro. Habito na cidade e a cidade habita en min. ²⁴

Juhani Pallasmaa

A contorna urbana na que se realizaron as actividades, espazos físicos e inertes, convertéronse en espazos vividos e cargados de significados compartidos, polo que podóse afirmar que os nenos/as, xeraron unha identidade con eles.

²⁴ Pallasmaa, Juhani. *The Eyes of the Skin: Architecture and the senses*. 2005. Chichester: Wiley-Academy.









²⁵ Kandinsky, Vasili. *Punto y línea sobre el plano*. 1993. Barcelona: Editorial Labor.

Pero a liña esconde entre as súas outras propiedades, e en última instancia, o profundamente oculto desexo de procrear un plano, converténdose así nun ente máis denso, máis pechado en si mesmo.[...] Cando morre a liña, e en que momento xorde o plano?[...] Por plano básico enténdese a superficie material chamada a recibir o contido da obra. [...] O plano básico esquemático está limitado por 2 liñas horizontais e 2 verticais e adquire así, en relación ao ambiente que o rodea, unha entidade independente.²⁵

Kandinsky

A terceira ferramenta fundamental é o PLANO, traballamos co PLANO para modificar os nosos espazos, para facer que conteñan as nosas obras.

Para rematar de falar das ferramentas que usamos para transformar a vila de Arzúa, e xa fóra das definidas por Kandinsky, traballamos co ELEMENTO TRIDIMENSIONAL, para elo basearemonos no “terceiro don” de Froebel.

O pedagogo alemán Friedrich Froebel (1782-1852) foi o creador dos Kindergarten para o ensino dos nenos e nenas menores de seis anos. A palabra kindergarten significa “xardín de nenos”, lugares para ser coidados, como pequenas plantas, para que se desenvolvan completamente.

Na Arquitectura temos de referencia a Froebel, a través de Frank Lloyd Wrigth que foi educado con este método. Trátase dun sistema baseado na creatividade e intuición do neno a través da experiencia directa, o xogo e a natureza. Crea un recurso pedagóxico baseado en “dones” e “ocupacións”. Os “dones” son materiais pedagóxicos que non cambian pero transfórmanse; as ocupacións son actividades na que os nenos xogan mediante a transformación dos obxectos que manipula. Os “dones” son precursores dos bloques de construción da actualidade (Lego, Tente, ...).

Moitos foron os investigadores que establecen as relacións entre a ma-

neira de facer arquitectura de Wrigth co proceso de aprendizaxe a través dos “dones” de Froebel ²⁶.

Usamos as caixas de DS Smith a modo de terceiro “don” de Froebel, un “don” a unha escala moito maior, un “don” co que se propón apropiarnos dos espazos de Arzúa.

Nesta ocasión é a contorna do Parque de Santa María, fixémosla nosa, por unhas horas é o noso espazo, un gran espazo de xogo e construción que dá cabida a todo aquilo que pase pola nosa imaxinación (Fig.07).

O espazo modifícase, convértese nun gran forte, en pequenas cabanas, nun valado... o espazo cambia e énchese de vida.



²⁶ S. Rubin, Jane. “The Froebel-Wright Kindergarten Connection: A New Perspective” (1989) en: *Journal of the Society of Architectural Historians*, vol. 48, no. 1, (doi: 10.2307/990404), 24-37.

Fig. 07 Traballando coa LIÑA na contorna do Parque de Santa María, taller “A Vila do Mañá”, Vilagarcía de Arousa, novembro 2018.









²⁷ Masanobu Fukuoka, estudioso da agricultura natural, que dedicou a súa vida para desenvolver un sistema ecolóxico que se basea en 5 principios: Non arar; Non usar fertilizantes; Non eliminar malas herbas; Non podar; Sementar mediante bombas de sementes (Nendo Dango).

A PAISAXE: Interacción entre a paisaxe construída, a paisaxe máis natural e os territorios intermedios. Entender como as persoas construímos a paisaxe e como a paisaxe tamén nos constrúe.

A SUSTENTABILIDADE: Queremos reflexionar sobre a forma na que nos relacionamos co planeta. Facer aos nenos/as conscientes de que o sustentable consiste nun equilibrio entre aquilo que nos permite desenvolver a nosa vida e o que non compromete a supervivencia das futuras xeracións. Así, darnos conta de que só temos un planeta con recursos limitados.

Propomos a concienciación sobre a inclusión do verde na vila, basaremos a experiencia nas “bombas de sementes” desenvoltas polo naturalista nipón Fukuoka.²⁷

A pesar de que este sistema de cultivar a terra, rexéitao a ciencia moderna, agora colócase á fronte do moderno desenvolvemento agrícola. [...]. Ultimamente estiven pensando en que debe alcanzarse un punto en que científicos, políticos, artistas, filósofos, homes de relixión e todos aqueles que traballan nos campos deberían reunirse aquí, contemplar estes campos e discutir xuntos o que ven. Eu creo que isto é o que debería ocorrer, se a xente vise máis aló das súas especialidades.²⁸

²⁸ Korn, Larry. *La revolución de una brizna de paja. La filosofía y la obra de Masanobu Fukuoka*. 2020. Castellón: Editorial Kaicron.

Masanobu Fukuoka

Para a realización da actividade, propónselles aos nenos e nenas a creación destas bombas, que se compoñen dunha parte de arxila, abono natural, e unha mestura de sementes complementarias, neste caso utilizouse a chamada mestura precolombina (xudías, millo, e cabaza) .

Temos a planta, pero fáltanos onde sementala, experimentamos esta vez cos baleiros verticais. Co tempo o colorido mural outorgado polos sobres de cores xeotextís, irase complementando paulatinamente polo verde das prantas que nacerán das “bombas”. Eles crearon o seu xardín vertical e convértense en observadores e coidadores da súa obra.















Preténdese que os nenos actúen como vangarda da recuperación do territorio para a cidadanía. Como afirma o xeógrafo e teórico social David Harvey, é necesaria a apropiación dos espazos públicos urbanos por parte da cidadanía mediante una acción política para convertelos en espazos comúns. Son bens comúns, que buscamos que os nenos recoñezan como seus dende diferentes puntos de vista: dende a historia, os seus usos, a súa evolución e as súas transformacións.

Búscase a adquisición dun maior coñecemento da vila/cidade na que viven; una apropiación de espazos que lles son vetados a diario; o movemento con liberdade nas prazas e rúas; o empoderamento espacial xunto con outros nenos favorecendo a súa convivencia; valoración do lugar no que viven a través dunha nova mirada sobre o seu hábitat; facerlles responsables da contorna, coñecer tamén os elementos que conforman o lugar inmaterial; e sobre todo, demostrarlles a súa capacidade transformadora.

Cando saímos a rúa, e os nenos e nenas invaden e se apropian do espacio público, o lugar transfórmase en algo dinámico que xa non só é aprehendido, senón que pode ser modificado por eles mesmos, outorgándolles un papel protagonista que normalmente, na creación de contornas, non se lles dá ou queda reducido a un ámbito de xogo máis controlado, como o patio do colexio ou a área infantil acoutada dos parques.

TALLER: A VILA DO MAÑÁ NA NOVA NORMALIDADE, ARZÚA

Organización

Concello de ARZÚA

Dirección

Sandra González Álvarez

Equipo

PØST Arquitectos:

Sandra González Álvarez

Álvaro Marcos Rodríguez

Lucía García Chenlo

Colaboradores

Deputación da Coruña

ETSAC (Escola Técnica Superior de Arquitectura de A Coruña)

FAU - Universidade Presbiteriana Mackenzie

Apatrigal (Asociación para a Defensa do Patrimonio Cultural Galego)

Participantes

25 nenas e nenos de idades entre os 5 e os 14 anos, Setembro 2020

© Sandra González Álvarez



5 PARAR, PENSAR E REFACER

Estas son as palabras que un día calquera, meditando pola rúa, viñéronseme á cabeza, así as transcribo:

Rúas

Nenas e nenos, nas súas soidades mudas,
cruzan as rúas de cidades amargas.

Ritmos vertixinosos modulan o seu camiñar.

Non hai paradas para o descanso, non hai tempo.

Non hai tempo para recuperarse, e mirar e sentir,
para observar, para aprender. Para querer.

Inhóspitos espazos urbanos, de guerras sen sentido,
valores esquecidos e ambicións desmedidas,
equivocan ás súas xentes.

É entre memorias rotas, contedores fedentos,
semáforos, coches, vomitonas e ouriñes,

Tamén bágoas de nenos mollan as rúas.²⁹

²⁹ Bisquert, Adriana.
"Sostenibilidade afectiva"
en: *Boletín CF+S, Especial
MUJER Y CIUDAD*, no. 7,
1998. (Madrid: Instituto
Juan de Herrera).

Cando iniciamos o taller, tratamos de analizar como é a visión dos nenos e nenas do seu habitat. Tentamos ver Arzúa a través dos seus ollos. Como é a súa vila?, Que elementos destacarían?.



Fig. 08 Distintas “caixas” que configuran Arzúa, taller “A Vila do Mañá na Nova Normalidade”, Arzúa, Setembro 2020.

30 Extracto de “Wheels or no wheels, man is essentially a pedestrian” (con rodas ou sen rodas, o home é esencialmente un peón). Incluído en “Team 10 Primer”, publicado en Architectural Design, nº12, decembro, número especial, pp. 559-600. En 1965 xunto co texto “The work of Team 10” publicado en Architectural Design, nº8, agosto, número especial, pp. 373-393, publicase en formato libro: Team 10 Primer, Londres 1965. Dos tres textos é editora Alison Smithson.

A visión dos nenos e nenas sobre a súa vila é difusa, desconectada. Fálannos dunha cidade comercializada, non vivida. Confirman a teoría de que viven nunha “caixa”, desprázanse nunha “caixiña” e chegan a unha “caixa” maior.

Os espazos da vila/cidade fóronse especializando, privatizando e mercantilizando, poñéndose ao servizo do coche. O coche converteuse no elemento fundamental das nosas vilas/cidades, desprazounos, deixou ás persoas nun segundo plano. Unha das consecuencias actuais é que os nenos/as desapareceron da vila/cidade. Raro é hoxe ver a nenas e nenos xogando na rúa ou nas prazas, como non sexa en recintos perfectamente delimitados para iso, dentro das diferentes normativas urbanas, técnicas e de seguridade. É esa a vila/cidade que queremos?

Unha cidade, se é realmente unha cidade, ten un ritmo moi complexo, baseado en moitos tipos de movemento: humano, mecánico e natural. O primeiro está paradoxalmente suprimido, o segundo tiránicamente salientado, o terceiro inadecuadamente expresado. Con rodas ou sen rodas, o home é esencialmente un peón. Se realmente quere selo, se chegará a selo de novo, ou se xa non o quere ser máis, é bastante arbitrario. O é! [...] Satisfacer as necesidades do peón significa satisfacer as necesidades do neno. Unha cidade que pasa por alto a presenza do neno é un lugar pobre. Os movementos desta serán incompletos e opresivos. O neno non pode redescubrir a cidade a menos que a cidade redescubra ao neno.³⁰

Aldo van Eyck

Cando me licenciéi como arquitecta viviamos en tempos de crise, unha crise provocada porque vendemos as nosas vilas/cidades, vendemos os nosos espazos... O plan urbanístico non soubo dar respostas ás necesidades das persoas, creou vilas/cidades baseándose no valor do diñeiro. Iso provocou unha enorme crise social e financeira.

O termo “crise” comezaba a esquecerse... e as nosas vilas/cidades seguían igual. Non aproveitáramos a oportunidade de repensalas, de buscar outros mecanismos para facelas e vivilas. É ante esta situación nacíu “A Vila do Mañá”. Xurdía como un proxecto reivindicativo, facendo “urbanismo de guerrilla”, porque necesitabamos que a vila/cidade volveuse a ser nosa e sobre todo dos que serán os seus habitantes do futuro: as nenas e nenos.

Volvemos estar nunha crise, unha crise moi diferente, unha crise que fixo que por primeira vez na historia recente, o mundo parara, a actividade económica parase, que a vida nas nosas urbes se suprimira. Neste tempo de pandemia, non é agora o momento de PARAR e PENSAR como REFACER as nosas vilas/cidades?

“É a primeira vez tras o confinamento que A Vila do Mañá entra en acción, pois moitas actividades “tiveron que cancelarse” pola pandemia. Sandra González defende que a pandemia demostrou que “se necesitan máis espazos para os peóns”. “É momento de reformular as cidades. Non escapar ao campo. A cidade ten que ter unha nova identidade. Que sexa o que ten que ser, é dicir, para as persoas”, resume.

Nos seus paseos cos máis pequenos, a arquitecta comproba que “moitas veces non hai por onde camiñar”. “As cidades non están adaptadas. Pídenos que nos concienciemos por o coronavirus, pero na maioría das rúas é imposible. As beirarrúas adoitan ser dun metro de ancho, ao que hai que sumar as terrazas e os coches”, indica.

Nace así unha “nova oportunidade” para as cidades. “Como A Coruña e Vilagarcía de Arousa, que están a tentar peonalizar algunhas zonas”, pon como exemplo, á vez que aposta por “humanizar todo un pouco máis” para que estes sitios “recuperen a súa identidade”. Unha idea que transmite sempre aos participantes dos talleres.”³¹

Como podemos recuperar a identidade da cidade? ... Como podería a vila/cidade ser ese lugar de reunión e intercambio de novo? ... Como podemos sentirnos seguros novamente entre as casas, na vila/cidade? ... Como podemos facer da vila/cidade o noso lugar? ... Que podemos

³¹ Carro, Ana. (7 de Setembro de 2020). “¿Cuánto es un metro y medio? La arquitecta Sandra González analiza con los más pequeños las calles y el espacio para peatones con las nuevas medidas del Covid”. *La Opinión A Coruña*. Recuperado de <https://www.laopinioncoruna.es/coruna/2020/09/07/metro-medio/1532257.html>

facen para evitar que a cidade sexa algo sucio, gris, monstruoso? ... que é o que nos motiva a seguir evolucionando os talleres de “A Vila do Mañá”.

Quero rematar facendonos reflexionar a todos, facendo que pensemos cal é o noso papel nas nosas vilas e cidades, cal é a imaxe de vila/cidade que dende a sociedade se lle está a transmitir aos que serán os seus habitantes do mañá.

Se nestes tempos todo cambiou, non deberían cambiar tamén as nosas vilas/cidades?, non deberíamos PARAR, PENSAR, e REFACELAS?.

Para terminar, vou recuperar unhas palabras de 1998 de Adriana Bisquert do seu artigo “Sustentabilidade afectiva”, que considero que a día de hoxe seguen sendo actuais e necesarias:

O reto do urbanismo de hoxe consiste en expor esoutra mirada, a do urbanismo dos afectos, en poucos casos conseguida, noutros perdida e na maioría ignorada. Esa mirada que recupera na cidade a escala próxima, a do día a día e crea o espazo, a contorna física e adecuada onde teñen cabida os outros espazos, os emocionais. Trátase de dar unha nova perspectiva, un novo enfoque, que altere a escala de valores, porque soamente o humano, xustifica o urbano.³²

Adriana Bisquert

Os tempos de Pandemia, obrigáronnos a PARAR, parar o ritmo das nosas vilas/cidades, parar a vida urbana,... todo parou,... creo que esta é a ocasión de PENSAR, pensar en como reapropiarnos dos espazos perdidos, pensar como recuperar a cidade para nós, para as persoas, para logo poder REFACER, refacer o espazo de encontro e intercambio, refacer a vida nas nosas vilas/cidades,... e recuperar a nosa relación identitaria con elas.

³² Bisquert, Adriana. “Sostenibilidad afectiva” en: *Boletín CF+S, Especial MUJER Y CIUDAD*, no. 7, 1998. (Madrid: Instituto Juan de Herrera).

SANDRA GONZÁLEZ ÁLVAREZ

(Carballiño), Arquitecta pola Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña. Actualmente doutoranda no Programa Oficial de Doctoramento en Arquitectura e Urbanismo da Universidade da Coruña e na Universidade Presbiteriana Mackenzie en São Paulo. Bolsa Iberoamericana de Investigación do Banco Santander 2017-2018.

Os seus proxectos: “A Vila do Mañá/ La Ciudad del Mañana”, “FAB LAB na Coruña” xunto con “ARTEIXOworks” formaron parte dos contidos expositivos do Pavillón Español na Bienal de Venecia 2018 (16. Mostra Internazionale dei Architettura).

Premiada en concursos de ámbito nacional e internacional: Mención de honra á categoría Metodoloxías no concurso Proxectos educativos Ludantia. I Bienal Internacional de Educación en Arquitectura para a Infancia e Mocidade co proxecto “A Vila do MAÑÁ; Premio COAG XVII na categoría Proxecto Fin de Carreira co proxecto “FAB LAB na Coruña”; Mención de honra no concurso International Shopping Plaza Concept Design Competition 2015-2016 co proxecto: “Why not?”, Architecture and Culture Society of China, Wanda Commercial Planning e Research Institute, Urban Environment Design (UED); Mención de honra no concurso HYP CUP 2013 International Student Competition in Architectural Design co proxecto: “Stitches” Urban Environment Design (UED); Mención de Honra en 24H 5th edition. Aspace inspace. IdeasForward; 2ºPremio no concurso III Steelcase para Estudantes de Arquitectura 2013; 1ºPremio no concurso de ideas DISTRITO ACTIVO, Arquitectos Sen Fronteiras Galicia e COAG. 1ºPremio PREMIO AGP de Arquitectura, Asociación Galega de Pizarristas. 1ºPremio INRS (Institut National de Recherche et Sécurité) Programa Internacional IACOBUS Rehabilitación do Patrimonio Europeo; entre outros.

Realizou relatorios e comunicacións en diferentes congresos e seminarios de ámbito nacional e internacional.

A VILA DO MAÑÁ / LA CIUDAD DEL MAÑANA / THE CITY OF TOMORROW

Na súa traxectoria A Vila do Mañá / La Ciudad del Mañana formou parte do contido expositivo do Pavillón Español na Bienal de Venecia 2018 (16. Mostra Internazionale dei Architettura), obtivo Mención de honra na categoría METODOLOXÍAS no concurso “Proxectos educativos” Ludantia. I Bienal Internacional de Educación en Arquitectura para a Infancia e Mocidade.

O traballo realizado nos talleres A Vila do Mañá, foi exposto e explicado nos seguintes congresos e seminarios:

II Xornadas de Innovación Docente. Universidade da Coruña, outubro 2017, A Coruña (España), organizado por UDC (Universidade da Coruña) e CUFIE (Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa).

Seminário Internacional A DIMENSÃO SOCIAL DÁ FORMAÇÃO PROFISSIONAL, outubro 2017, São Paulo (Brasil), organizado por SASP (Sindicato dos Arquitetos no Estado de São Paulo), e FIAM- FAAM Centro Universitário.

LUDANTIA I Bienal Internacional de educación en arquitectura para a infancia e a mocidade, maio 2018, Pontevedra (España), organizado por Concello de Pontevedra, COAG, Deputación de Pontevedra e Xunta de Galicia.

inquEDU. Falemos de Educación, maio 2018, Santiago de Compostela (España), organizado por Xunta de Galicia, Fundación Cidade da Cultura e Galicia Sustentable.

I XORNADAS DE DIDÁCTICA DAS ARTES NA GALICIA DE HOXE: CREAR PARA ENSEÑAR, setembro 2018, A Coruña (España), organizado por Real Academia Gallega de Bellas Artes, Conservatorio Superior de Música da Coruña, Conservatorio Superior de Música de Vigo, UDC (Universidade da Coruña), USC (Universidade de Santiago de Compostela) e Uvigo (Universidade de Vigo).

9th CHILD IN THE CITY WORLD CONFERENCE, setembro 2018, Viena (Austria), organizado por Child in the City Foundation, Stadt Wien e WienXtra.

We Are All Able Bodies: From Sensory Deprivation to Sensory Augmentation, novembro 2018, Madrid (España), organizado por Institute of Technology Faculty of Architecture, San Pablo CEU University Madrid, School of Architecture of University of Reading, e International Ambiances Network.

2º Congreso Mundial del Educación. EDUCA 2019. Innovación e Investigación Educativa, febreiro 2019, Santiago de Compostela (España) organizado por EDUCA y MIAC.

INTED2019 (13th annual International Technology, Education and Development Conference), marzo 2019, Valencia (España) organizado por International Academy of Technology, Education and Development (IATED).

8th World Alliance for Arts Education International Conference, Luxor (Egipto) marzo 2019, organizado por Egypt Future Foundation for Heritage e World Alliance for Arts Education (WAAE).

FIRA DE LA MOBILITAT SOSTENIBLE DEL VALLÈS, Sabadell (España) abril 2019, organizado por Diputació de Barcelona, Departament de Territori i Sostenibilitat de Generalitat de Catalunya, Ajuntament de Sabadell, Postcarcity e Moventia.

WCCA2019 - XII Congresso Mundial de Comunicação e Artes, Salvador de Bahia (Brasil) abril 2019, organizado por Organização de Pesquisas em Educação e Ciência (COPEC), Organização Mundial em Comunicação e Artes (WCCA) e Universidade do Estado da Bahia (UNEB).

56th International Making Cities Livable Conference on A Healthy City for ALL, Portland (Estados Unidos de América) xuño 2019, organizado por International Making Cities Livable LLC (IMCL).

2019 International AVP Conference, Melbourne (Australia) xuño 2019, organizado por Association for Visual Pedagogies (AVP) e RMIT University.

InSEA World Congress, Vancouver (Canada) xullo 2019, organizado por MAKING |INSEA, The University of British Columbia, Canadian Society for Education through Art (CSEA), The Department of Art History, Visual Art & Theory (AVHA), Vancouver Art Gallery (VAG) e United States Society of Education through Art (USSEA).

EDULEARN19 (11th annual International Conference on Education and New Learning Technologies), Palma de Mallorca (España) agosto 2019, organizado por International Academy of Technology, Education and Development (IATED).

7TH CONFERENCE OF THE INTERNATIONAL SOCIETY FOR CHILD INDICATORS, Tartu (Estonia) agosto 2019, organizado por The International Society for Child Indicators (ISCI) e University of Tartu.

Art in Education – Building Partnerships with Artists, Schools, Young People and Communities, Oslo (Noruega) agosto 2019, organizado por OSLOMET (Oslo Metropolitan University) e The Research Council of Norway (NFR).

2019 SAEK International Conference, Imaging Social Innovation: Expanding the Social Role of Art Education, Seúl (Korea) setembro 2019, organizado por SAEK (Society for Art Education of Korea).

I Ágora Internacional. Educación. Investigación. Empleo 2019, Badajoz (España) setembro 2019, organizado por Universidad de Extremadura e Junta de Extremadura.

InSEA SEMINAR- Art Education: Conflicts and Connections, , Malta outubro 2019, organizado por InSEA European Regional Council, IMAE (International Masters Artist Educator-ArtEZ University of Arts), Arnhem The Netherlands e MUZA (The Malta National Community Art Museum).

EIRPAC. 3º Encontro Internacional de Reflexão sobre Práticas artísticas Comunitárias, O Porto (Portugal) setembro 2019, organizado por Faculdade de Belas Artes da Universidade do Porto, Universidade de Évora, ESMAE (Escola Superior de Música e Artes ddo espetáculo), Faculdade de ciências Humanas Católica Lisboa e Universidade Lusófona do Porto

V ENCUESTRO CULTURA Y CIUDADANÍA: Espacio Público: Hacer/Rehacer, Madrid (España) outubro 2019, organizado por Ministerio de Cultura y Deporte Gobierno de España.

URBANBAT: CIUDADES y CUIDADOS (HIRIAK eta ZAINZAK), Bilbao (España) novembro 2019, organizado por urbanbat, Deputación Foral Bizkaia e Concello de Bilbao.

Os resultados obtidos na rúa co proxecto A Vila do Mañá foron publicados nos seguintes libros:

González Álvarez, Sandra (2017). A VILA DO MAÑÁ, RIANXO. La Ciudad del mañana. A Coruña, España: PØStarquitectos, Apatrigal.

González Álvarez, Sandra (2017). A VILA DO MAÑÁ, AMES. La Ciudad del mañana. A Coruña, España: PØStarquitectos, COAG.

González Álvarez, Sandra (2018). A VILA DO MAÑÁ, RIVEIRA. La Ciudad del mañana LUDANTIA. A Coruña, España: PØStarquitectos, COAG.

González Álvarez, Sandra (2018). A VILA DO MAÑÁ, FERROL. La Ciudad del mañana. A Coruña, España: PØStarquitectos, COAG.

González Álvarez, Sandra (2019). A VILA DO MAÑÁ, VILAGARCÍA DE AROUSA. La Ciudad del mañana. A Coruña, España: PØStarquitectos, Concello de Vilagarcía de Arousa.

González Álvarez, Sandra (2020). A VILA DO MAÑÁ, en tempos de Pandemia, ARZÚA na nova Normalidade. La Ciudad del mañana. A Coruña, España: PØStarquitectos, Deputación da Coruña.

